



REGULAMENTO DA “XXIV MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ”



- 1.- A Marcha cicloturista está aberta á participación dos/as ciclistas maiores de 15 anos ou ben que os cumpran durante o ano en curso e teñan licenza federativa.
- 2.- Tal e como dispón a Federación Galega de Ciclismo, as persoas que non teñan licenza federativa poderán obtela por un só día por un importe de 10 € ou 5 € se teñen Carné Ciclista ou Licenza de Tríatlon (terá a cobertura dunha póliza de responsabilidade civil e de accidente). Nestes casos, a inscrición deberá formalizarse “en liña” cun mínimo de 72 horas de antelación á celebración da marcha. **É dicir, a data tope para inscribirse as persoas que non posúan licenza federativa é o mércores día 19 de xuño de 2019.**
- 3.- As persoas participantes deberán levar casco ríxido obrigatoriamente.
- 4.- O número máximo de participantes na proba será de 200. Por isto, as inscricións tramitaranse por orde cronolóxica de formalización. Consecuentemente, a inscrición pecharase no momento de alcanzar este número de 200 cicloturistas.
- 5.- **A inscrición custará 15 €. Aquelas persoas que formalicen a súa inscrición anticipadamente a través da paxina web do club (<http://www.ccxiabre.com>) facendo o ingreso bancario da tarifa de inscrición ata o día 20 de Xuño de 2019 terán unha bonificación de 3 € e só deberán ingresar 12 €. A inscrición en liña para as persoas federadas finaliza o xoves día 20 de xuño de 2019 ás 24:00 horas.** A Organización asumirá os gastos de dorsal, avituallamento, petiscos ao finalizar a marcha e un agasallo a cada participante.
- 6.- Durante o transcurso da Marcha os participantes obedecerán as ordes da Organización e dos axentes de tráfico. Os que incumpran as normas serán excluídos da Marcha.
- 7.- Circularase de acordo ao establecido nas normas de circulación e seguindo as directrices dos axentes da Garda Civil de Tráfico.
- 8.- A marcha será neutralizada e con dous tramos libres. Establécese unha velocidade media de 25 km/h. A parte neutralizada será controlada polos membros do C.C. Xiabre. O 1º tramo libre de 4,3 km comezará na Rúa Nova de Andrés (Vilanova) no quilómetro 61,0 da marcha e finalizará no lugar de avituallamento na zona de descanso do Miradoiro do Monte Lobeira. O 2º tramo libre de 5,0 ou 7,7 km comezará en Abalo (Catoira) no quilómetro 88 e incluírá a subida até Fontefría e opcional ao alto de Meda.
- 9.- As/os participantes que así o consideren poderán finalizar a marcha ao pasar por Carril despois de percorridos 82 km.
- 10.- Posto que no alto de Fontefría-Meda finaliza a Marcha, o regreso dos e das cicloturistas ao lugar da saída en Carril realizarase de forma individual e seguindo as normas de circulación a todos os efectos.

11.- A entrega de dorsais comezará 1 hora antes da saída. Os participantes están obrigados a portar en lugar visíbel o seu dorsal durante todo o percorrido. **A data límite para realizar a inscrición será o mesmo día da marcha ata media hora antes do seu inicio para as persoas con licenza federativa caso non se cubrisen todas as prazas na inscrición en liña.**

12.- A Organización disporá de médico, ambulancia, coche vasoira, asistencia mecánica e avituallamento. Ao final da marcha haberá un servizo de duchas a disposición dos/as participantes.

13.- O Club Ciclista Xiabre fará entrega dos seguintes agasallos:

a) Agasallo individual a todos/as os/as participantes.

b) Agasallo ao Club máis numeroso (mínimo 5 participantes).

c) Agasallo ao Club máis distante (mínimo 5 participantes).

d) Agasallo ao/á participante máis veterano/a.

e) Agasallo ao/á participante máis novo/a.

f) Os compoñentes do club organizador só recibirán o agasallo individual

14.- A organización resérvase o dereito de modificar todo o relativo aos itinerarios, reagrupamentos, horario de saída, etc., cando motivos ou circunstancias extraordinarias así o aconsellen para o bo desenvolvemento da proba.

15.- A inscrición nesta Marcha significa a aceptación do presente regulamento en todos os seus termos. Calquera participante que non o cumpra será responsábel dos seus actos, tanto dentro como fóra da Marcha, excluindo de toda responsabilidade á Organización.